

Información Inscripción Comedores Escolares Curso 2019-2020

Prazo de solicitude:

O prazo de solicitude de reserva de praza e matrícula entre o 25 de xuño e o 22 de xullo de 2019 (ambos os dous incluídos), nos Servizos de Comedor e/ou de Madrugadores para o curso 2019-2020 en calquera dos seguintes centros de educación infantil e primaria públicos de Compostela: Apostólo Santiago, Cardeal Quiroga Palacios, As Fontiñas, Roxos, Vite, Mestre Rodríguez Xixirei, Monte dos Postes, Raíña Fabiola, Ramón Cabanillas e no caso do CEIP Arquitecto Casas Novoa, só no servizo de madrugadores.

Procedemento de admisión:

- O impreso de solicitude de matrícula, debidamente cuberto entregárase no **Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou no Rexistro auxiliar** do Centro Sociocultural do Ensanche (Frei Rosendo Salvado, 14-16 Baixo), nos prazos establecidos. Neste momento do proceso **NON** é necesario achegar ningunha outra documentación.
- O modelo oficial poderá descargarse da páxina web do Concello de Santiago de Compostela www.santiagodecompostela.gal, ou solicitalo no Departamento de Educación e Cidadanía (Edificio CERSIA, Rúa Alcalde Raimundo López Pol, s/n), así como nos centros de ensino obxecto desta convocatoria.
- Unha vez completado o proceso administrativo coa adxudicación do contrato, procederase á publicación da listaxe de admitidos e excluídos no servizo de comedor e madrugadores. Para facer efectiva a alta no servizo de comedores e de madrugadores, será requisito imprescindible achegar cuberto e asinado o impreso de domiciliación bancario que lle será facilitado polo concesionario do servizo.
- Non poderán facer uso de xantar e almorzo os usuarios con recibos impagados de cursos anteriores.
- Os servizos de comedor e madrugadores prestaranse os días lectivos do curso escolar 2019-2020 dende o primeiro día ata o último día establecidos no *calendario escolar para o curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Réxime de prezos autorizados polo concello.

Unha vez que se produza a adxudicación do servizo, a Xunta de Goberno Local acordará **os prezos a pagar por cada usuario/a** para o curso escolar 2019-2020.